



JDA/gpm

Téndose recibido nesta Subdirección Xeral consultas por parte de centros que imparten ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño sobre probas extraordinarias de acceso no mes de setembro do 2022, no caso de quedaren prazas vacantes no mes de xullo, unha vez resolta a convocatoria de acceso ao abeiro da Resolución do 27 de abril de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño para o curso 2022-23.

Tendo en conta que as Escolas de Arte e Superiores de Deseño poden convocar probas de acceso ás ensinanzas superiores de Deseño, de acordo ao establecido na Resolución do 7 de abril de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas artísticas superiores de Deseño para o curso 2022/23.

Xa que logo, e co fin de non causarlle prexuízo aos aspirantes, procede, con carácter excepcional para o curso académico 2022/23, estender a eventual convocatoria de acceso no mes de setembro ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, de acordo ao Anexo que se achega e nos termos previstos na precitada Resolución do 27 de abril de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Santiago de Compostela,

O subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial  
Juan Durán Alonso





## ANEXO

- Inscripción para o procedemento de acceso e admisión: días 27, 28 e 29 de xullo, e 1 e 2 de setembro de 2022, tanto para o acceso aos ciclos formativos de grao medio coma de grao superior.

- Realización proba substitutiva do requisito de titulación: día 5 de setembro de 2022, co seguinte horario, tanto para o acceso aos ciclos formativos de grao medio coma de grao superior:

- Primeira parte: desde as 10 ata as 13 horas .

- Segunda parte: desde as 16 as 17 horas

- Publicación de cualificacións da proba substitutiva do requisito de titulación: día 6 de setembro de 2022, tanto para o acceso aos ciclos formativos de grao medio coma de grao superior.

- Realización das probas específicas para o acceso: día 7 de setembro, tanto para o acceso aos ciclos formativos de grao medio coma de grao superior, e co seguinte horario:

- Primeiro exercicio: desde as 10 ata as 12 horas.

- Segundo exercicio: desde as 12 ata as 14 horas.

- Terceiro exercicio: desde as 17 ata as 19 horas.

- Publicación de cualificacións da proba específica para o acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior: día 8 de setembro.

- Matrícula nos correspondentes centros públicos: día 9 de setembro, no horario establecido por cada Escola de Arte e Superior de Deseño.

Os/as aspirantes poderán formalizar a súa inscrición e realizar as probas de acceso que lles correspondan, para o acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior nos que haxa vacantes segundo as listaxes que as Escolas de Arte e Superiores de Deseño publicarán o día 27 de xullo, unha vez rematado o prazo ordinario de matrícula.

As probas substitutivas do requisito de titulación e as probas específicas, tanto para o acceso aos ciclos formativos de grao superior coma de grao medio, serán organizadas, supervisadas, avaliadas e cualificadas por un único tribunal, coa seguinte composición, que actuará na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela:





Tribunal titular:		Tribunal suplente:	
Presidente	Santiago Riande Torres	Presidente	Manuel Antonio García Freire
Vogal 1ª	Álvarez García, Julio	Vogal 1ª	María Gómez García
Vogal 2º	Antonio López Fernández	Vogal 2º	Rosa Figueroa Ínsua
Vogal 3ª	Mercedes Vega Cerqueiro	Vogal 3º	Carmen Olga Toribio Rguez-Redondo
Vogal 4ª	Sabela Castro Añón	Vogal 4ª	Mª Concepción Viñas González-Zaera

